

CONCELLERÍA
DE
CULTURA
E FESTAS

CONCELLO
DE VIGO



DO 30 DE MAIO AO 2 DE XUÑO DE 2012

A Concellería de Cultura e Festas, dentro da súa política de apoio ás iniciativas do audiovisual galego, colabora coas agrupacións culturais galegas Musiquina 33mg e O Reencanto producións na 1ª edición do *Festival Primavera do Cine en Vigo*, no que os creadores poderán exhibir as súas obras e optar aos galardóns segundo a súa categoría en competencia.

O festival desenvolverase entre o 30 de maio e o 2 de xuño e poderán participar todas as galegas e galegos cineastas e creadores audiovisuais que envíen as súas obras ao noso apartado de correos, e por suposto sexan seleccionadas para a competencia. Tamén optarán a concurso as obras de estranxeiros feitas na nosa terra. Para isto, deberán cubrir as bases e enviar a ficha de inscrición e requirimentos antes do 25 de abril deste ano ao noso apartado de correos.

As proxeccións terán lugar no auditorio municipal do concello (longametraxes en competencia) e no salón de actos do MARCO (curtametraxes en competencia)

Máis info: <http://festivalprimaveradocine.com/>

CONCELLERÍA
DE
CULTURA
E FESTAS

CONCELLO
DE VIGO



DO 30 DE MAIO AO 2 DE XUÑO DE 2012

BASES DO FESTIVAL

“PRIMAVERA DO CINE EN VIGO” 2012

PRIMEIRA.- Poderan optar á exhibición e participación en concurso as obras audiovisuais feitas en Galiza ou por galegos dende os comezos do noso audiovisual. As seccións en competencia son as seguintes:

- Longametraxe (ficción, documental ou animación) maior a 30 min.
- Curtametraxe (ficción, documental ou animación) menor de 30 min.
- Videoclips.

SEGUNDA.-Os materiais que se exhibirán deberán ser en lingua galega, en lingua castelá ou ter subtítulos a unha de ambas linguas.

TERCEIRA.- Os audiovisuais presentados someteranse a unha pre-selección, antes de ser aceptados e optarán a calquera das categorías a criterio do comité de selección.

CUARTA.- Os materiais audiovisuais entregados terán unha duración entre 30 segundos (mínimo) e 120 minutos (máximo).

QUINTA.- Para que a produción sexa aceptada, hai que recibir os seguintes elementos dentro das datas límites:

Envío por correo electrónico:

- O formulario de inscrición debidamente cuberto enviado ao correo electrónico primaveradocine@musiquina33mg.com , antes do día 25 de abril do 2012.
- Unha fotografía ou fotograma da obra.
- Breve biofilmografía do director/a ou produtor/a.

**CONCELLERÍA
DE
CULTURA
E FESTAS**

**CONCELLO
DE VIGO**



Envío postal: Apartado de correos 6068 CP 36212 Vigo.

- Copia do formulario de inscrición enviado ao correo electrónico.
- 2 copias da produción en DVD.

Os envíos realizados ao apartado de correos 6068 CP 36212 Vigo, deberán levar data de saída anterior ao 25 de abril de 2012.

SEXTA.- Calquera material audiovisual admitido a competición na que a/o postulante non sexa posuidor/a dos dereitos de autor/a ou exhibición debe achegar unha autorización por separado para que poida competir.

SÉTIMA.- A información contida no formulario de inscrición será considerada como a máis válida e será a base para confeccionar o catálogo e o programa de difusión do festival.

OITAVA.- Non existe data límite para as producións audiovisuais recibidas, así que se poden enviar obras feitas en tempos remotos.

NOVENA.- O festival resérvase o dereito de utilizar secuencias dos materiais seleccionados e emitilos en televisión ou calquera outro medio, para fins promocionais ou educativos. Os participantes conservan os dereitos de autoría das súas obras.

DÉCIMA.- Os DVD recibidos quedarán no fondo videográfico do festival.

DÉCIMO PRIMEIRA.- A inscrición é de balde.

DÉCIMO SEGUNDA.- Os participantes custearán o envío do seu material ao apartado de correos citado.

DÉCIMO TERCEIRA.- O festival non se responsabiliza da custodia das producións presentadas e por iso recoméndase non enviar orixinais senón copias.

DÉCIMO CUARTA.- Nesta 1ª edición o xurado deste festival será popular, así que as e os asistentes serán quen decida que materiais serán os que leven os recoñecementos. Paralelamente os patrocinadores poden dotar de mencións ou premios complementarios aos materiais exhibidos.

DÉCIMO QUINTA.- As decisións do xurado serán inapelables. A participación no festival supón a total aceptación do presente regulamento.

CONCELLERÍA
DE
CULTURA
E FESTAS

CONCELLO
DE VIGO



FORMULARIO DE INSCRICIÓN

PRIMAVERA DO CINE EN VIGO 2012		1ª EDICIÓN
I. DATOS DA OBRA:		
Título orixinal:		
Ano de realización:	Lugar:	
Xénero: (hai que subliñar ou resaltar o xénero)	Duración:	
FICCIÓN		
DOCUMENTAL		
VIDEOARTE		
ANIMACIÓN		
VIDEOCLIP		
Cor __ B/N__	Formato DVD	
Idioma(s):	Subtítulos(s)idioma(s):	
Premios obtidos:		
Sinopse:	Imaxe, carátula ou póster:	
II. DATOS DO/A DIRECTOR/A:		
Nome(s) e apelido(s):		
Enderezo:		
Orixe:	Data de nacemento:	
Correo electrónico:	Teléfonos:	
Páxina web:		
Biofilmografía do/a director/a:		



1. DATOS DO EQUIPO TÉCNICO:	
Guión:	Asistente de dirección:
Fotografía:	Arte:
Son:	Montaxe:
Música:	
Elenco:	
2. DATOS DA PRODUTORA:	
Nome:	País:
Enderezo:	
Teléfonos:	
Correo electrónico:	Páxina web:

Débense achegar á ficha:

- 2 copias do material audiovisual para postular en DVD, ao apartado de correos 6068, CP 36212 Vigo.
- Imaxes ou fotogramas do material postulado (preferentemente 3) en 300 dpi, cor ou branco e negro. Remitiranse ao enderezo electrónico: primaveradocine@musiquina33mg.com.

AUTORIZACIÓN

Autorizo a proxección deste material audiovisual no Festival Primavera do Cine en Vigo.

Sinatura da ou do director ou produtor

Data e lugar